



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Edicto de aprobación inicial do padrón fiscal relativo á taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbáns. Ano 2026

Edicto de aprobación inicial do padrón fiscal relativo á taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbáns. Ano 2026

EXPEDIENTE: 2025/G003/000763

Esta Alcaldía, mediante Decreto aprobado en data 18/12/2025, acordou:

1º) Aprobar inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbáns do Concello de Fisterra, (Ordenanza Fiscal publicada no BOP nº 231 de 05/12/2021), referido ao ano 2026, no que constan 3.187 recibos por un importe total de cento sesenta e oito mil novecentos quince euros con catro céntimos (168.915,04 €).

2º) Expoñer ao público todos os datos incorporados ao Padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación e na web municipal. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación no BOP, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3º) Fronte aos recibos incorporados ao Padrón, todos os interesados poderán interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES, contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público do Padrón.

A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado.

O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime convinte.

Fisterra, 18 de decembro de 2025

O Alcalde – Presidente

Asdo.: Luis Manuel Insua Lago

2025/8476